

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 6

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 25 de ABRIL de 2018, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores:** (Ordinaria do 28.02.2018).

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.-** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 1º trimestre do 2018. Expte. 19603/541 (Rexistro Pleno 1739/1101).
- 3.-** Dar conta do estado de execución do estado de gastos e ingresos do Orzamento, correspondente ao 1º trimestre do 2018, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. Expte. 81/143 (Rexistro Pleno 1740/1101).

TRANSPORTES, PROXECTOS, EMPREGO, ECONOMÍA, PARQUES E PARTICIPACIÓN

- 4.-** Proposta de Modificación da Ordenanza Municipal reguladora do Servizo de Taxi na cidade de Vigo. Expte. 1755/449 (Rexistro Pleno 1746/1101)

URBANISMO

- 5.-** Modificación orzamentaria núm. 5/2018. Crédito extraordinario para a financiación das axudas de rehabilitación das vivendas nos ARIS do Casco Vello, Bouzas, Coia e Santa Clara. Expte. 10651/407. (Rexistro Pleno 1747/1101)

Mocións:

- 6.-** Moción do grupo municipal de Marea de Vigo, instando á Xunta de Galicia a que o Proxecto de Decreto de Desenvolvemento da Lei 10/2013, de Inclusión Social de Galicia, no relativo á tramitación da Renda de Inclusión Social e das Axudas, incorpore as medidas para

que as contías da RISGA se acheguen ao indicador AROPE. Rexistro Pleno 1748/1101.

- 7.- Moción do grupo municipal Socialista instando ao Ministerio de Fomento o remate das obras de reforma da A-55, garantindo a finalización de tódolos traballos antes da 2ª quincena de xuño, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1751/1101.
- 8.- Moción do grupo municipal Socialista instando á consellería de Sanidade que a poboación da área sanitaria de Pontevedra e do Salnés volvan ter como referencia para Cirurxía Cardíaca, plástica, torácica, pediátrica, hemodinámica e Fecundación In Vitro, as unidades e servizos dispoñibles no Complexo Hospitalario de Vigo. Rexistro Pleno 1752/1101.

PARTE DE CONTROL

- 9.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 10.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.
- 11.- Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 10.04.2018, pola que se deixa sen efecto determinadas atribucións delegadas no concelleiro de Deportes e se delegan outras novas. Expte. 323/1102 (Rexistro Pleno 1741/1101).

Mocións.

- 12.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a constitución da Comisión de Vixilancia da Contratación, designación dos seus compoñentes e réxime de funcionamento, así como outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1749/1101.
- 13.- Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a paralizar a adxudicación do contrato maior de obras de rehabilitación e transformación no bulevar da Gran Vía, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1750/1101.
- 14.- **Formulación de rogos.**
- 15.- **Formulación de preguntas.**

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E CINCO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concurrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

Vigo, data sinatura electrónica

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.